

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 10 DE AGOSTO DE 2010.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día dez de agosto de dous mil dez, baixo a Presidencia do sra. Alcaldesa accidental dona María del Carmen Silvar Canosa, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Non asistiron o alcalde e os concelleiros:

Don Iván Puentes Rivera, don José Antonio López Rodríguez e don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Declaración de urxencia do asunto a tratar: Corrección de erros materiais do acordo da aprobación inicial do orzamento do exercicio 2010.

A presidencia fai uso da palabra para expoñer a urxencia do asunto, motivada pola necesidade de corrixir o erro material apreciado na parte dispositiva do acordo de aprobación inicial do orzamento para o ano 2010, tomado na sesión extraordinaria do Pleno de data 3 de agosto de 2010.

A continuación procédese á votación da urxencia co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes do Pleno acórdase a urxencia do asunto.

Procédese a tratar o asunto: Corrección de erros materiais do acordo da aprobación inicial do orzamento do exercicio 2010.

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 4 de agosto que, transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALIDA

ASUNTO.- CORRECCION ERROS MATERIAIS ORZAMENTO EXERCICIO 2010.

FEITOS

1. Logo de ver que o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o orzamento da Corporación, previo dictame da Comisión Informativa, por un importe total de 11.000.315,68 € segundo o seguinte resumo por capítulos de ingresos e gastos:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4.340.941,12	Cap. 1.- Impostos directos	3.350.235,85
Cap.2.- Gastos en bens correntes e servizos	4.094.678,58	Cap. 2.- Impostos indirectos	190.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	163.200,00	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2.151.893,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	322.173,00	Cap. 4.- Transferencias correntes	3.767.301,21
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	56.000,00
Cap.6.- Inxestimentos reais	1.442.768,59	Cap.6.- Enaxenación de inxestimentos reais	0,00
Cap.7.- Transferencias de capital	1.300,00	Cap.7.- Transferencias de capital	961.179,77
Cap. 8.- Activos financeiros	60.000,00	Cap.8.- Activos financeiros	60.000,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	575.254,39	Cap. 9.- Pasivos financeiros	463.705,85
TOTAL	11.000.315,68	TOTAL	11.000.315,68

2. Logo de ver a existencia de erros materiais na parte dispositiva do acordo, xa que no capítulo 2 “Gastos en bens correntes” e servizos onde di “4.094.678,58 €” ten que dicir “4.098.678,58 €” e no capítulo 3 Gastos financeiros onde di “322.173 €” ten que dicir: “318.173,00 €”.

Considerando que, segundo o dispón o artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

1 “As Administracións públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Por todo o anterior, esta Alcaldía eleva a seguinte proposta de acordo:

1º Correxir os erros materiais advertidos e transcritos no apartado 2º dos feitos desta proposta de acordo de xeito que o resumo por capítulos do orzamento xeral do Concello de Fene para o exercicio 2010 quedaría como segue:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4.340.941,12	Cap. 1.- Impostos directos	3.350.235,85
Cap.2.- Gastos en bens correntes e servizos	4.098.678,58	Cap. 2.- Impostos indirectos	190.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	163.200,00	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2.151.893,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	318.173,00	Cap. 4.- Transferencias correntes	3.767.301,21
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	56.000,00
Cap.6.- Investimentos reais	1.442.768,59	Cap.6.- Enaxenación de investimentos reais	0,00
Cap.7.- Transferencias de capital	1.300,00	Cap.7.- Transferencias de capital	961.179,77
Cap. 8.- Activos financeiros	60.000,00	Cap.8.- Activos financeiros	60.000,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	575.254,39	Cap. 9.- Pasivos financeiros	463.705,85
TOTAL	11.000.315,68	TOTAL	11.000.315,68

Fene, 4 de agosto de 2010  
O alcalde  
Iván Puentes Rivera”

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra para dicir que o seu grupo vaise abster xa que se trata dunha cuestión puramente administrativa. No mesmo momento se expresa o voceiro do grupo municipal do PP e o concelleiro do grupo mixto municipal.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de agosto de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4), (dos sres/as Silvar Canosa, García Balado, Lourido González e Rey Sampayo).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: dez (10), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro.- Corrixir os erros materiais advertidos e transcritos no apartado 2º dos feitos desta proposta de acordo de xeito que o resumo por capítulos do orzamento xeral do Concello de Fene para o exercicio 2010 quedaría como segue:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4.340.941,12	Cap. 1.- Impostos directos	3.350.235,85
Cap.2.- Gastos en bens correntes e servizos	4.098.678,58	Cap. 2.- Impostos indirectos	190.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	163.200,00	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2.151.893,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	318.173,00	Cap. 4.- Transferencias correntes	3.767.301,21
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	56.000,00
Cap.6.- Inxerimentos reais	1.442.768,59	Cap.6.- Enaxenación de inxerimentos reais	0,00
Cap.7.- Transferencias de capital	1.300,00	Cap.7.- Transferencias de capital	961.179,77
Cap. 8.- Activos financeiros	60.000,00	Cap.8.- Activos financeiros	60.000,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	575.254,39	Cap. 9.- Pasivos financeiros	463.705,85
TOTAL	11.000.315,68	TOTAL	11.000.315,68

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,  
A alcaldesa accidental,

O secretario,

María del Carmen Silvar Canosa

Jesús Tallón García